



Cántigas d'El-Rey Sabio localizadas en Galicia

## SAN ERO DE ARMENTEIRA

(DE UN TRABALLO LIDO NO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS A 24 DO MES DE  
SANTOS DO 1924 ENCOL DAS «FONTES E DERIVACIÓN DA CÁNTIGA CIII»)



O libro foral, en orden XIII, do Mosteiro da Armenteira (1), es-  
quírto no 1624 por Fr. Basilio Duarte, Prior e Arquivista do dito Mosteiro, conta que don Ero, Señor da Armenteira onde tiña o seu pazo, e moi principal cabaleiro de auto paraio e nobre alcuña, lógo estudar artes liberais, tomár a carreira das armas e casár cunha dona da sua condición arredouse do mundo pra vivír nunha ermida de Castróbe. Mais tarde pideo a San Bernárdo monxes da sua orde, pra faguer fundación, sendolle concedidos catro cando os de Claraval viñeron á nosa terra. No 1150 foi Don Ero nomeado abade, erguendo a belida eirexa da Nosa Dona, e gozando do seo cargo astra o 1176 en que nun bo día saíndo

(1) «Comienza el libro foral en orden XIII y primeramente la fundación, Instituto y Abades de este monasterio de Nuestra Señora de Armenteira». Hoxe está este libro en poder de D. Xosé González Fraguas, Abogado de Cambados. Debo a noticia del meu mestre ao Dr. Cotarelo.

a dar un borde, na serañ, sentado pe dun arbre, ouzou cantár tan mañamentos un paxáro que ficou «dormido el cuerpo mientras el alma gozaba los deleites de la gloria, que por señal de los que por su virtud le tenía gardados quiso Dios darle a gustár». Os monxes procuráronno en todo/os arredóres, puxénose en oración e fixéno rogaceons. Don Ero non apareceu hastra o 1376 en que ispiñdose do sono tornou ó mosteiro. Destoncias era abade Don Fr. Alónso e quixo deixárlle de novo seu cargo mais Don Ero non o quixo coller. Non se sabe cando morreo nin onde está seo sarlégo. O Calendario Cisterciense o celebra como Santo no 30 de Agosto, e quizais fose soterrado no Capítulo ou na Eirexa. Iñóranse os seus milagres anque xa é moi grande o que fixo na sua vida.

Moltas vegadas, especialmente baixo o trienio de Fr. Matías de Peralta procuráron o corpo santo do seo primeiro abade, mais se non poido topáre «porque no debe ser llegado el tiempo en que nuestro Señor tiene determinado se descubran y manifiesten sus sagrados huesos, para ser venerados y honrrados de sus hijos y devotos».

Fraí Basilio Duarte remata dicindo que deste Santo «quien dio mejor noticia fue el P. Fray Bernárdo Cardillo de Villalpándo, cronista del

Cister, sacando los datos del archivo de Claraval.

En efecto o P. Cardillo, aunque nado en Segovia, estivo na Galiza, traballando nos Arquivos da súa orde, y escribiu a «Historiam monasterium Luperatensis, vulgo de Sobrado, a «Fundación del Monasterio de Nuestra Señora de Osera» e o «Chronico de los Ozores y Osorios en el Reino de Galicia» en col de temas galegos, polo que non poido ignorar a nosa lenda, que polo demais tiña cabida en moitas obras suas tales cal o «Itinerarium ordinis Cisterciensis sive Rerum Illius Illustrium» o «Deviris Illustribus ordinis Cisterciensis» e o «Speculum Monachorum» e demais obras suas que por non tere sido impreatadas coñecemos somentes pol-as citas de Montalvo (2) e Henriquez (3) trasladadas por Nicolás Antonio (4) na súa B. H. N. e por Vergarae Martín na Colección Bibliográfica de Segolva (5).

Fr Basilio Duarte cita tamén o P. Manrique quen fixa ben os caracteres con que a lenda da Armenteira no seo tempo exemplarios e libros de meditación. San Ero estaba no coro rezando Mailines e saio duvidando das verbas do psalmo 85: «Quoniam mille anni ante oculos tuos tanquam dies esteme qual praeterit» xurdindo a cantiga do paxaro como proba contra a dubida. Cando o Santo torna vénen pasado tres séculos. O lugar onde mais expresamente fala de esto o P. Manrique son os Anales Cistercienses, ano de 1176, capítulo 7 aunque tamén é posibre que a cite en moitas outras obras que damos na nota, e que son malas de topar nas bibliotecas galegas (6).

(2) *Crónica*. Parte I. lib. II. cap. XXXII.

(3) Fenix Cisterciense.

(4) B. H. N. — II. — pag. 121 — Ed. Madrid — 1783.

(5) «Ensayo de una colección bibliográfica — biográfica de noticias referentes a la provincia de Segovia» — Guadalajara — Tallar tip. del Colegio de huérfanos de la guerra — 1905. 616 págs.

(6) Santoral cisterciense, duobus tomis: quorum prius vidi lucem Burgis apud Baptistam Varesium 1618. Be. cinone 1618. Pinciae 1618, atque alibi: posteriori Salamantiae 1820. — Discursus predicabiles para todas las fiestas de Nuestra Señora. Apud Varesium 1620. — Gallice hi prodierunt Parisiis. Forte hi discursus componunt priorem ex superioribus o peris partibus.

Anque o P. Duarte non fale dela xa no seo tempo corria, impreatada por Fr. Malaquias de Asso, unha vida de San Ero, que non podemos ollar e que coñecemos por Henriquez (7) seo Mennologium cisterciense, por Carlos Vischini, na Biblioteca cisterciense por Nicolás Antonio (8) do que Murguía no seo Diccionario de autores recolleo a nota (9).

Fr. Malaquias de Asso, de nobre orixe, foi nado en Muela no 1542, abade de Matalline, Armenteira e Rueda, foi proposto pra bispo axudante de Zaragoza no 1592, co tido im partibus de Utica, preconizouse no mesmo ano pra Iaca, onde morreo en recendór de santidade no 1606 e deixou a mais de ista impresión da vida de San Ero unhas indicacións «Sobre el gobierno espiritual y temporal del monasterio de Rueda».

Veleiqui a nota de Nicolás Antonio:

«*Anonymus Armenteriae in Gallacia monachus Cisterciensis conscripsit olim Vitam admirabilem B. Eronis, eiusdem loci abbatis: qual inter alia continet historiam illi similem quae vulgo narratur, de monacho affligemense, qui per annos CC ad cantum cuiusdam aviculae in exsias permansit, Vitam hanc in antiquo codice repertam; publicavit Reverendissimus Malahias de Asso (sic legendum).*»

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

«*Calendario de los Santos de la Orden del Cister. Salamanca.*»

«*Cisterciensium, seu variorum Ecclesiasticorum Annalium a condito Cistercio: tomus IV. I continet res gestas ab anno MCXXXII ad MCXLIV — Lugduni 1642 in folio. II res gestas ab hinc ad annum MCLX XIII ibidem eodem anno III, ab anno MCLXXV, usque ad annum MCCX II inclusive — Lugduni 1447 sumptibus Laurentii Anisson, IV pertingit iste ad annum...*»

«*Pontificale Hispano Cisterciense eiusdem non vidimus, nec Latine ut sitas vulgare certe sitas, fidem de eo habentes Joanni Carempelli in Theologia — Regulari disputatione C X X I V, articulo C X credidi ut nos Carolus Vischini in Bibliotheca Cisterciensi.*»

«*Santoral y Dominical cristiano para las fiestas de Nuestra Señora, y de otros santos, duobus partibus, editis: Pinciae 1618, altera Salamancae 1820.*»

«*Nota de Nicolás Antonio, B. H. N. — T. I, pag. 90.*»

(7) Cariceo o sei Henriquez — *Mennologium Cisterciense*, lib. 2. tit. 25, cap. 6.

(8) B. H. N. — Madrid — Ibarra — 1783 — T. II — *Scripturae incerta temporis* — pag. 367 — *Anonymus*.

(9) Murguía — *Diccionario de Escritores gallegos*. — Vigo — Campaño — 1862 — Art. Anónimo — pag. 7.

ESTASE IMPRENTANDO  
OS NENOS - Contos por Filgueira Valverde  
( E D I C I O S L A R )

# SAN ERO D'ARMENTEIRA

(Proseguimento)

A existencia de San Ero tópase fora de dúbida. O nome que el levaba abonda nos documentos do século XII feitos en Galiza. Eisi son coñecidos o Erus Peláiz (1), Ero de Santiago de Laco (2), Erus Erlei, Ovecus Eriz... (3) A par de eles háchase un Ero Armentariz que pode ser o fundador da Armenteira. No 1120 concede Doña Urraca, a el seu fiel vasallo, e á súa muller Columba, a igrexa de Santa María de Lama no val da Armenia (4); no 16 de Xaneiro do 1108 confirma co tido de *maior domus super mensam*, a doazón de coto feita pol-os Condes ó mosteiro de Podio (5), no 16 de Nadal do mesmo ano aparés, cal *maiorinus*, na confirmación dos foros de Santiago feita por Don Ramón (6); no 1107, sen expresión de cargo tópase nas doazóns de Piñeiro (7) e Trove á igrexa compostelán; (8) porderradeiraves confirma cal *maior domus regis*, na doazón do Mosteiro de Moraimo (9) feita por Alfonso VII no 1119.

No 5 de Nadal de 1135 dous cabaleiros galegos, da corte de Alfonso VII, Don Fruela Alfonso e Don Pedro Muñiz Carnofo, fundaron o mosteiro de Toxos Outos, e outros dous don Pedro Osorio e Don Alonso Bermudes, seguidos de mais próceres o de Monfero. Por aquel

tempo debeu xurdir tamén a vocación de don Ero. Di o xa citado Duarte que foi Abade do 1150 o 1176, mais o dato positivo, tido da vida de ele é a inscrición da igrexa da Armenteira que adía súa construción no ano 1169 (1) É Don Ero Armentariz, Don Ero de Armenteira? Poden ter certa xustificacón os datos dados pol-os seus biógrafos?

Compre ó meu ver que agardemos pra responder a podere revisare o riquísimo arquivo da Armenteira, que o maffado centralista tenos engayolado en Madride, e namentras, podemos estudiare o outro Don Ero lexendario, en quen o noso pobo encarnou unha das mais belidas estórias medioevales.

A existencia do seu protagonista non a fixo un caso de taumatosia, nin de megalosia, senón que deu a ocasión pra acnliurar a lenda na nosa terra (2). E falamos de lenda pois, localizada, individualizada, adiada, non pode ter nome de mito (3). Narrativa, espirotiva (4), de orixen indico, adaitada pol-o seu carater mistico ó cristianismo, e repetida pol-a súa suxestión en moitos pobos, quizaiaves sexa, a lenda do monxe i-o paxariño, unha das que, pol-os problemas que o seu estudo xermöla e pola súa difusión literaria, pregue de nós--antre as que nas Cántigas del Rei Sabio teñen na Galiza súa fonte ou seu eco -- unha mais afenceón.

(1) Na doazón de Alfonso VI á igrexa de Santiago da milite do mosteiro de Piloño (Piloño) e do de Brandariz. Ano 1100. Nas confirmacóns Erus Peláiz cléricus (vd. Lopez Ferreiro, H. C. TIII, A. n.º XIV).

(2) Na ratificacón da precedende feita por Doña Elvira no trámite do seu pasamento. Ano 1100. Nas confirmacóns Erus Peláiz, notarius (vd. id., A. XV).

(3) Alta de sumisión dos Sacerdotes e Cabaleiros de Beancos, Trasantos, Labacangos e Arros. Figura antre os Sacerdotes. Hist. Compos. lib. I, cap. XXXV. Ano 1110.

(4) Privilexio de D. Diego Xelmires á igrexa de Piñeiro. Ano 1107. Lopez Ferreiro, op. cit. A. XVI.

(5) Tumbo de Samos. Es. XXII cit. por Flores E. S. T. XXII, pag. 71. Escritura feita o 24 de Outubro.

(6) Arquivo Arzobispal de Santiago -- Docs. Varios, T. I, fols. 19 a 47. Docs. de Poyo, inédito, copias do século XVI.

(7) Tumbo A. Catedral de Santiago (Lopez Ferreiro, Op. Cit. Ap. XIX).

(8) O Conde D. Ramón dos á igrexa de Santiago o Mosteiro de S. Mamed de Piñeiro. (Op. cit. A. XXIV.)

(9) A infante doña Urraca doa á Basílica Compostelán o mosteiro de San Andrés de Trove e todo o que lle pertencía inter-sullam et tamar. Ano 1.107. (Lopez Ferreiro--A. XXV.)

(10) Doazón feita por Alfonso VII o Mosteiro de Moraimo. (Id. A. XXX VI.) Arquivo do Seminario de Compostela.

(1) Di elsi «Fundata est ecclesia era 1167 -- XVI K. Julli -- Albas Dominus Erus facti -- In memoria Sancte Marci -- Marzula na súa Galicia. -- pag 656 -- transcribe esta inscrición neste ban trabucado xeito: «Fundata est ecclesia anno millesimo ducentessimo septima get abali? D. Petris feci In memoria B. Maria» segundo a Fernández Sanchez e a Freire Barreiro que no «Santiago Jerusalem Roma -- Diario -- de una peregrinación» (Santiago -- 1880 -- Pags. 363 y 364 do T. I) a transcriben en forma semellante anque desatiendo a D. como Divus e lendo ben o Abbas. Pol-o demais cñan a Gil González Davila e din que a inscrición se tope na lápida sepulcral o que non é certo.

(2) Vd. Van Sennece - La formation des legendes páginas 296 a 294-Paris 1910.

(3) Wundt - Volkpsychologie: eine Untersuchung der Entwicklungsgesetze von Sprache, Mythos und Sitze, vols IV a VI. Leipzig -- 1910 -- 15.

(4) Vd. Van Genner -- op. cit. págs. 31 y 22.

(5) Clasificación de Lang, Mythos, cultus et Religión, tratado, de León Mexilli, r - Paris - 1880.

## ESTADO ATUAL DA

## LENDA DE DON ERO

A lenda do monxe l-o paxariño non é na nosa terra tan popular como poidera coidarse, pois aínda non é das máis repetidas entre as xentes do couto de Salmés. Na Armenteira aparés conservada pol-a eistencia do relieve barroco da espréndida portada do mosteiro, repetido no órgao e nas reixas de madeira da capela lateral de embaixo do coro. Iste relieve amosa o San Ero axonllado diante da Virxen co neno nos brazos - o neno ten na man unha perliña somellante á que amosa en outras imaxes galegas, tales que a da capela de Xesús Nazaren de Pontevedra - perto de un arbre no que canta o paxariño. Castelao fixo unha acertada copia de ista representaceón, que nas gradiceias aparés engodida cunhas casoupiñas representando o convento. É de notar que non é ista a soia manifestaceón escultórica da lenda pois, como no seu día será, dito Leyre e Vilar de Frades deberon tamen télas.

Ista lenda, seu mesmo carácter o eixixe, tivo na Galicia, sempre, máis difusión erudita que popular como agora veremos.

## COLLEITORES DA LENDA

## DA ARMENTEIRA

Non fallan entre os autores de exemplários e libros de meditación dos séculos barrocos piadosos cregos que recollan ó falar das ledicias da gloria a belida lenda de que falamos, localizándoa na Armenteira, anque son máis os que non lle dan lugar de acción. Os primeiros, dos que pode ser tipo Colmenero nas suas

Reflexiones Catholicas (1), siguen a lenda tal que a conta Menrique ó que citan as máis das veces. Os outros a recollen sen citar a procedencia, que moitas vegadas topase no B. Xohan Mayor (2), que dá mil e douscentos anos de tempo terreal convertidos na representaceón de unha hora, e que como fontes ollou moitos exemplarios xermánicos medioevae.

(1) Reflexiones Catholicas - y devotas-instrucciones para desenganar al pecador - y dirigirlas por el feliz camino de la salvación - por el P. Don P. Colmenero - 3 impresión - En Salamanca Villagordo y Alcares - 1748 - pags. 193 a 198.

(2) Magnum-speculum-exemplorum - Explusquam octoginta autoritativus... - Ab anonimo quodam, qui circiter annum d. m. m. - 1490 vixine deprehenditur - R. P. Ioannis. Maloria - S. J. Theologi - Dnlci - Bx officini Baltasaris Belleri Typogr. Iurati - subcirculis aureo - Año 1668. Caesest. glorie - pag. 112 - Exemplo XIV.

Entre estes esquritores compre citar a fidedo de curiosidade ó P. Caravantes (1), que refire 300 anos a tres horas, o P. Nieves Avendaño (2) que o sigue, e da o mesmo tempo, como Niremborg (3), Barón y Arin (4); Vázquez del Valle (5), Scaramelli (6) e outros.

Dun xeito científico recolleu a lenda Gil González Dávila (7) que cita ao P. Henríquez, a Jacobo Aurifabro e tamén a Xohan Maior, falando da elrexa, do mosteiro fundado por Sen Ero e resol:endo en unha hora douscentos anos.

Con este mesmo carácter figura a lenda nas guias de Galicia. Xa tempos falado dos que falan de Don Ero (8); Fernandes Sanches e Barreiro, que reducen cen anos a unha hora e Murguía; en troques non a recolle Cesáro Rivera, e Victor M. Vázquez (9) chaman a don Ero nobre campeón, citan «al veridico cronista», que non sabemos quen será e dan por tempo 200 anos. López Otero (10) di-ela recollida de unha muller - a Sra. Rosa - e refírese nunha nota á versión de Martínez Padín que pol-o seu carácter incluímos nas derivaciós literarias.

Pra rematar iste apartado lembraremos un artello de Balse de la Vega na ilustración falando da lenda da Armenteira, que se estende a Rivas de Sil e que da por tempo de sono sete sigros.

Trae certa erudición comparativa l-e do máis discreto que sobor d'ela tense falado.

## XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

(1) «Práctica de misiones... En León -en la Imprenta de la Viuda de Agustina Ruiz de Valdivieso- Año de MDLXXIV», Libro III - S. XII pag. 649.

(2) «Práticas dominicales... -II-... -Madrid a costa de Francisco Lazo-Mercader de libros... -Año de 1704. Pag. 192.

(3) «Práticas doctrinales y discursos Morales... del... -Religioso de S. Francisco... - En Valencia -En la Imprenta de Antonio Valle... -Año 1729- S. IV- pp. 308 y sig. del tomo Juico -O monxe estaba en maldades e morreu ó voltar do bosque.

(4) «Diferencia - entre o temporal - e eterno... Lisboa -Na officina dos heró. de Antonio Pedrozo Gabean... e á sua custa Impreso, M. D. CCLXII- Lib. IV - Cap. V. S. II - pag. 811.

(5) «Luz de la Fe - y de la ley... -escrito por... de la orden de predicadores. Madrid MDCLXXXIV», Pag. 335. capítulo LXV. IV.

(6) Año Cristiano -1748- Pg. 475.

(7) Directorio ascético -en que se enseña -el modo de conducir las almas por el camino ordinario -de la gracia... -TIV. Madrid -gregorio del Amo -1831- [pp. 43].

(8) T. E. -TII- Madrid DDCALV - pag. 10.

(9) Anque chamándolle Pedro.

(10) «Guía de Galicia» - Madrid -Fortanet 1884 pags. 291. E curioso notar que castellanizan o Castrove en Castroverde.

(11) «Pontevedra» -Granada Sebater-1800. pags. 168ny 169. Iste libro e do máis repectado, tanto ó falar da Armenteira como ó facelo do resto da provincia.



## A LÉNDIA D'ARMENTEIRA

(NOTAS DE FOLK-LORE)

(Conferencia dada no Seminario de Estudos Galegos, a 5 Nadal 1926).



Na nosa primeira conferencia deixamos sinalado o orixen das características d'ista bella historia e falamos da súa incusión no conxunto de lendas medievas que tencionan amóstrare a diferenza

do tempo e da eternidade, valéndose da coñecida observación do longo que é o tempo do dor i-o curto que topamos o tempo de ledicia. Todo un ciclo de lendas de dormentes, de descrições do Paraíso e de viaxes en procura d'el, forxouse carón seu. Suas derivacións foron moi estudadas por Hertz (1), Köhler (2), Graf (3), D'Ancona (4), Ozanam (5), i-en xeral por todol-os tratadistas das fontes le-xendarias da Diviña Comedia; teñen un gran espallamento, unha profusa literalización i-o

meirande intrés pra nós, sexan ou non debidas a influencias orientaes e islâmicas, teñan ou non un fondo gaélico.

A lenda da Armenteira é do tipo das lendas de dormentes que Asin e Palacios, á vista da obra de Graf, caracterizou d'iste xeito (1):

I.º Os protagonistas, monxes ou príncipes, visitan o paraíso terreal e ó tornar ós seus fogares, coidan que a súa ausencia durou curias horas en breves días, cando xa teñen fuxido anos e aínda séculos.

II.º En secuencia, os protagonistas pásmanse ó ollaren os troques en edificios, persoas e cousas.

III.º Danse a coñecer, mais ninguén os recoñece, senón que os teñen por tolos ou bêbedos.

IV.º Por fin consiguen demostrala súa personalidade, ben pol-a testemuña d'algún vedaño que vagamente lembra o seu nome e desaparición, ben pol-a axuda de vellos libros de memorias onde se garda nota da súa existencia.

Respeitive ás lendas d'iste ciclo, pode, ó meu ver, faguerse certa ordeazón, distinguindo o senso corporal ó que o pracer do ceo se dirixe. Eisi leremos:

I.º *Pol-o gusto.* Barón e Arin conta que un cabaleiro invitado por un amigo seu, ó con-

(1) WILHELM HERTZ—*Deutsche Sagen in Elsas*, Stuttgart, 1872, pax. 265 s. s.

(2) REINOLD KÖHLER—*Germania*—II, 422, e tamén na *Zeitschrift für deuts philologie*, XIV, Prometen un estudio posterior.

(3) GRAF—*Miti, leggende e superstizioni del medio evo*—Arturo Graf—Torino, Loescher—1892-3.

(4) D'ANCONA—*I Percursori di Dante*—Firenze, Sansoni, 1874 *studi di critica e storia letteraria*, pax. 316.

(5) OZANAM—*Des sources postiques de la Divine Comédie*, Apud *Oeuvres completes de Ozanam*, tome V, Paris, Lecoffre, 1889.

(1) ASIN PALACIOS—*La escatología musulmana en la Divina Comedia*, Madrid, Maestre, 1919—pax. 276-281.

vite da groria, e tendo tomado un solo manxar, cando tornou ó seu pazo, topou todo frocado, e no seu canto, un mosteiro, pois tiñan fluxido 240 anos (1).

2.<sup>o</sup> *Pol-a vista*. Luzel recolleu unha variante, moi importante do conto bretón «o pastorinho que foi levar a carta ó Paraíso». N-ela, Joll ponse os anteollos de San Pedro e no mesmo instante en que olla por eles, pasan cinco centos d'anos (2).

3.<sup>o</sup> *Pol-o olfato*. Non pode distinguirse lenda especial, mais nas que non especifican o senso, aparecen as froles recedentes, como logo ollaremos.

4.<sup>o</sup> *Pol-o ouvido*. É o tipo da lenda da Armenteira. Sendo a música o mais espiritual pracer e a arte mais adoitada a sere símbolo da harmonía cósmica e da beleza divina, como na primeira conferencia deixamos dito, non ten de estrano qu'iste grupo sexa o de mais difusión e literalización.

Podemos recoller algunhas localizacións:

*Portugal*. - Localízase no mosteiro de Vilar de Frades, fundado por San Marliño Dumiense e reedificado por Suevo Guedes, neto de D. Arnaldo de Bayao nas abas do monte Ayro, sito na provincia do Miño. Primeiramente foi dos monxes bieitos, mais D. Fernando da Guerra, Arcebispo de Braga, doouno ós loyos, coengos de San Xohan Evanxalista ou do hábito azul. A lenda aparés vinculada a iste troque de donos, i-o frade - un santo abade bieito - topa no mosteiro cando torna, ós coengos. Respeitive á cronoloxía, tópanse moita diversidade, pois mentras o eruditísimo Bluteau (3) no seu Vocabulario, o P. Francisco de Santa María en *O ceo aberto na terra*, Fr. León de Santo Tomás (1644) na *Benedictina Lusitana*, e tamén a *Nobiliarchia Portugueza*, dan por tempo do ensono do monxe 70 anos - número de poridal - outros autores como Pinho Leal (4) dan cento e tantos, i-o P. Manuel Fernádes chega a trescentos (5).

Como derivación literaria do melronde interés podemos citare a lenda do P. Manuel Bernardes, moitas veces reproducida e que se topa nos *Tratados varios* (1).

De somellanza c'a d'Armenteira, a lenda portuguesa tivo a súa derivación iconográfica. Pinho Leal fala das fermosas capelas feitas no horto do mosteiro pol-os congregados e conta entre elas a do paxariño, ergueita no sitio en que o abade o ouzou. Ista ermida foi estrizada - e probabelmente co-ela a imaxe que tiña - pol-o primeiro dono do mosteiro, pouco dempois da extinción das ordes relixiosas.

Th. Braga, aínda que non recolle ista lenda nos seus *Contos tradicionais do povo portuguez*, cita nas notas da edición das *Cântigas* feita pol-a Academia hespañola (2). Pódense consultar as *Historias de Frades* de L. da Assunção i-o libro de José Joaquín Nunes, *O monxe e o pasarinho*. Respeitive ó mosteiro véxase o *Portugal* de Rodrigues i-Esteves Pereira (3).

*Navarra*. Cóntase de San Virila, abade lezendario do mosteiro de San Salvador de Leyre.

Iepes (4) nota que o nome d'iste abade non se topaba na lista que lle mandou Fr. Benito de Osta, disinta pol-o menos nas eras, da contida no *Compendio historial* de Garibay (5), e di que debe sere anterior a D. Fortino (832), primeiro que n-ela aparés, e fala da verisimilitude de que tivera vivido dempois do tempo d'Inlgo Arista. Logo conta que a súa festa celébrase con moita solemnidade no dito mosteiro, e que no lugar de Terma gárdase como día de vagar por eisisir n-él unha fontenla moi abundosa e de boa i-auga, na metade d'un bosque, chamada a fonte de San Viril. Mais con todo isto, Iepes non conta o caso, nin ningún dos que de tal abade se refiren. «porque después que se han contado las virtudes, penitencias y mortificaciones de los Santos, son (os brodixios) el esmalte que cae muy bien sobre el oro» e como non ten a súa

(1) BARÓN y ASÍN—*Luz de la fe y de la ley*—Madrid 1774, paxina 303, cap. LXV, lib. IV.

(2) LUZEL—*Legendes chretiennes de la Basse Bretagne*—Paris, Maissonniere, 1881—t. II, pax. 248.

(3) BLUTEAU—*Vocabulario portuguez e latino*—Lisboa, da Silva, 1721—t. VII, pax. 495.

(4) PINHO LEAL—*Portugal Antigo e Moderno*—Lisboa, Pavares, 1886, t. XI, pax. 1223.

(5) FERNANDES—*Alma instruida*, Lisboa, 1699, pax. 486.

(1) BERNARDES—*Tratados varios*—t. III, pax. 4. Vd. C. ALLET—*Selecta Lusitana*—Ed. 19, pax. 148.

(2) R. A. E.—*Cântigas de Don Alfonso el Sabio*, Madrid, 1889, vol. I, XLIX.

(3) ESTEVES PEREIRA E G. RODRIGUES—*Portugal*, Lisboa, 1918, t. II, pax. 3319.

(4) YEPES—COSS, t. III, fol. 74 e 85.

(5) GARRIBAY—*Compendio historial* lib. 29.

vida milagros raros y estapendos así a secas non s'estreve a poñelos, que moi ben s'espile a crítica cando se non queren ferir orgulos de mosteiros.

O P. Pedro Calatayud (1) di que o tempo pasado pol-o abade foron trescentos anos que lle somellaron sere tres horas. Pol-o demais, as características da lenda - bosque, fonte, monxe do Cister - asoméllanse moito ás da nosa, astra na derivación iconográfica, que tamén elisiste en Leyre.

A engolada sinxeleza, co garimoso misticismo de Xavier Vallejos fixeron unha belida páxina de vello exemplario c'a lenda enmellada de Leyre.

*Picardía.* Localízase no convento de Templairos de Beaucourt i-engádese á xenreira da xente pr'os Templairos, e ó cambio d'orde com'en Portugal. Foi recollida por Carnoy (2) no tomo XIII da súa *Literature orale de la Picardie*, de labres de Amedée Debari de Warlois (Somme). Di así:

«Un mosteiro de Templairos topábase antano perto de Beaucourt. Os Templairos eran maos monxes, ocupados dos praceres todos e coidando mais no demo que en Deus. Solo un d'entr'eles chamado frei Xohán faguía excepción de todos i-era notado pol-a súa fonda piedade, seu amor pr'os probes i-o pouco interés que tiña pol-os praceres do mundo. Elí quixo Deus recompensalo arredándoo da morte cruel que os monxes do seu mosteiro sufriron d'ali a pouco.

Un día que frei Xohán estaba, ó seu costume, arredado no bosque vicíño do mosteiro pra faguer as suas oraciós e adicarse á meditación, escoltou perto d'el, sober d'un arbre

baixo do qu'estaba axionllado, un pimpín que asubiaba de xeito cheo de meiguice. O bon monxe esquencou os pregos e ficou a escoltal-o; «como arelaría ficar eiquí douscentos anos a escoltal-a vos diviña do pimpín» coidou.

O bon Deus escoltou os seus pregos. O pimpín cantou moito tempo e o bon frade ficou a escoltalo todo ise tempo. Os días, as semanas, os anos pasaron; os Templairos foron queimados en castigo dos seus crimes; mais frei Xohán, esquencido no bosque, escoltaba sempre a meiga música.

Os arbres creceron, as ponías cruzáronse riba da súa testa, a hedra gabeou pol-os troncos e pol-os ramos e gardou ó bon templairo da chuvia, da neve e do sol.

Ó fin, cabo de douscentos anos, o paxaro finou de cantar e vooou, e o monxe colleu o camiño do mosteiro, coidando que liña pasado pouco tempo a escoltal-o pequeno cantor. Sen mais matinar, o monxe petou na porta de entrada, o freire torneiro veulle abrir: levaba un hábito descoñecido ó frei Xohán.

- Quén sodes, irmán?

- Qué quén son? Andali, o freire Xohán!

- O freire Xohán? Descoñecido! Ademais non portadel-o hábito da orde.

- Eu saín hai mais d'unha hora, pra ir pregar a Deus no fondo do bosque.

- Descoñecido!!

Fixérono entrar non embargante, compulsáronse os arquivos dos Templairos e topouse que douscentos anos denantes, pouco tempo diante do suplicio dos monxes, un certo frei Xohán tiña de súpeto desaparecido. O monxe comulgou e morreu d'ali a pouco.»

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE.

(Pra rematar no número que ven).

(1) CALATAYUD - *Místicas y Sermones*, Madrid, Bicen, 1784, t. II.

(2) CARNOY *Literature orale de la Picardie*, t. XIII páxina 148.



Demo, pra qu'os probes non vendan a sua; mais Deus non aproba o pauto, e a Virxe María leva á condesa pró ceo.

O estilo de Yeats é escuro pol-a sua vaguedade, pol-a sua rara pantesía d'iniciado, pol-as alusións que fai a asuntos qu'a mais da xente non sabe. Os versos teñen un engado máxico, de ritmo, d'alteraciós, de música interna - de cote a cencia segreda das correspondenzas, á que somentes a intuición abrangue. Un intuitivo poidera traducil-a sua vaguedade en coores, en música, en imaxes. Non quen non o sea.

Temos citado d'il a outra vez, *O Solpôr Cél-*

*ligo* (1895 e 1902) e *Os Cisnes salvaxes en Coole* (*The Wild swans at Coole*, 1918). A mais d'eso e das pezas de teatro de que dá-mol-os argumentos, ten outra chamada *Deirdre*, *Plays for dancers* (1) a imitación dos No xaponeses; *Per amica silentiæ Lunæ* (poesías) *The cutting of an agathe* (2) estudos críticos y-estéticos) etc.

Hai edicións en grande das casas Tauchnitz e Mac Millán,

- (1) Pezas pro danzarís.  
(2) Facetas d'unha ágata.

*Continuaráse*

## A LENDA D'ARMENTEIRA

(Proseguimento)

**Francia.** - Segun Balsa de la Vega (1) e Carré Aldao (2), Froissart nas suas «Crónicas» refírea como sucedida non sabemos en que terras de Francia, no século XI. Quizalves poida identificarse co-a localización anterior.

**Bélxica.** - Localízase segun Calatayud (loc. cit) e outros no mosteiro de Affligen, no Ducado de Brabant, entre Bruselas e Alesto. Yepes aunque fala moito da sua zona e dos seus ilustres fillos, seguindo a Meyero, Mireo, Renato Copino e Trémio, non recolle a hestoria. Coido é atribuída a un dos fundadores axuntados baixo Gederico, primeiro abade, pol-o ano 1083, chamados Gedulfo, Teobaldo, Emolino, Argero, Hulgoldo e Gerardo.

**Suecia.** - Moitos literatos, atribuíndo esta lenda á provincia temática do N. europeo, localízana no mosteiro da Encarnación, na rexión norte da Suecia.

**País de Gales.** - Carré Aldao e Balsa de la Vega asignana ó País de Gales, coma do século V.

**Irlanda.** - Pódese ollar o belido conto de Kennedy, *Música do ceo*, nas *Five Side Stories of Ireland*. Iste conto foi traducido por M. Loys Brueyre (1) nos seus *Contes populaires de la Grande Bretagne*. Brueyre cita moitas tradicións somellantes recollidas por Thiele, Ralston, Grimm, etc.

**Alemania.** - Localízase na Serra de Odenwald no W. entre o Necker i-o Mein, no Gran Ducado do Hesse. Ten as mesmas características que na Galiza. O lugar da localización, un dos mais fortes paisaxes da Europa, cos seus grandes bosques i-o seu Bergstrasse, e tamén unha das mais lexendarías comarcas da terra alemá.

Cóntase do monxe Félix, cisterciense, que dudando de que poidese ser eterno a felicidade do ceo, escolta un día, no xardín, o cantar d'un paxariño albeiro. O Tanxido da campaña chamando a mailines, espértao, e quer entrar no mosteiro, mais o porteiro nono recoñece e lle non permite a entrada, botándoo coma tolo e bébedo. Os monxes tampouco o

(1) Balsa de la Vega - *La leyenda de Armentera* - Ilustración Española y Americana 30 de Marzo de 1909.  
(2) Carré Aldao - *El monje y el pajarillo* - Almanaque E. I. G. 1924.

(1) M. Loys BRUEYRE - *Contes populaires de la Grande Bretagne*, París, 1875, páx. 35 e seguintes.



lembran, mais un vello de cen anos, tolleito xa, recorda da súa mocidade tal desaparición. O libro de mortos garda o seu nome, Pasara un século (1).

*Austria.* - En Olmutz, capital de Moravia, según algunha derivación que no seu día ollaremos.

5.º *Sen especificación de senso.*

A) Lendas cristiãs de orixen islámico forxadas a carón d'un texto alcoránico e que teñen como base unha relación talmúdica:

a) Narración de Mohamed Benishae (s. VIII).

b) Narración de Abenfathuya (s. VII).

c) Narración atribuída a Abenabás, tío de Mahoma.

De todas eles falamos xa d'abondo na nosa primeira conferencia (2).

B) Lendas de orixe cristiã basadas na lenda siríaca dos Sete Dormentes de Efeso, con desenrolo en ambas civilizacións, forxada no Oriente no século VI e que pasou ó Occidente por unha tradución latina de San Gregorio de Tours. É un ciclo de tal importancia que pode ser o xenitor de todo o conxunto no medioevo cristiã, anque hoxe estea mais en boga a hipótese de que a xeneralidade das tradicións islámicas foi a que dou lugar no século XIII ás lendas de dormentes (3).

Asín resume os caracteres das catro redaccións, conservadas por Tsaalabi e traducidas por Guidi, d'iste xeito:

Sete cristiãs nobres de Efeso, baixo a persecución de Daciano, refúxanse n-unha cova e dempois de comer das froitas d'un horto cercano e de beberen da i-auga da súa fonte, fican dormidos por trescentos anos. Namentras o seu pobo i-a súa familia danos coma perdidos e logo de procuralos en van escriben os nomes c'a hestoria e mais a data do feito n-unha chapa.

Pasan tres séculos, e Deus volve a vida ós dormentes, que coidan ter dormido soio un día. Un d'eles deixa a cova de Efeso pra mercar comida e saber do estado da persecución.

Conforme anda, vai medrando a súa sorpresa. Os vieiros sonlle descoñecidos. Sobor da porta da vila, unha bandeira verde ten unha inscrición: «Non hai mais que un Deus e Xesús é o seu Espírito». Na vila olla xente que non coñece. Quer mercar pan, mais a moeda vella que dá, co cuño de Daciano, faiño sospeloso ó panadeiro qu'o leva ás autoridades coma reo de ter atopado un tesouro. Con moitas dificultades, chega á súa casa onde un neto seu, vello xa i-enfermo, recoñeceo. D'iste xeito xustifica diante dos xueces a súa personalidade i-a súa hestoria é creida por eles. Tópase logo a antiga chapa que ven confirmar mais a verdade dos seus ditos. O pobo i-as autoridades van ollar a cova onde os sete dormentes rexurdidos morren aixaña e son soterrados, erguéndose riba da súa campa unha grande creixa.

C) Lendas de viaxes.

Derívanse das lendas céltigas de Arnaldo de Noruega, Gornio de Dinamarca, Malduino, os fillos de Conall Deag Ua-Corra, de Snedhgus e Mac Rigala que teñen ouxelivo relixioso e da odiseia monástica de San Brandam (1).

O seu tipo é híbrido entre a expedición mariña en percura do paraíso i-a lenda de dormentes. Podemos recollere algunhas versións:

a) A dos *monxes armorianos* narrada por Godofredo de Viterbo, e que conta ó voltar de ollaren a insua do Paraíso, topan todo trocado e pasados trescentos anos.

b) A de *San Amaro*, popular na Galiza e difundida entre nós por edicións castelans, especialmente pol-a de Burgos de 1552, citada por Valera (2). A súa versión galega foi recollida por Carré Aldao.

c) A dos tres monxes do mosteiro de Cihón, italiana, do século XIV, somellante á dos armorianos (3).

d) A do *príncipe*, italiana tamén, e do século XII. Conta que un príncipe, ós tres días das suas bodas, é levado ó Paraíso e pasa n-el trescentos anos que lle somellan tres horas. A súa familia ante tanto, fai do castelo un

(1) LONGFELLOW - *The golden Legend*. Vd. tamén ASIN PALACIOS, op. cit.

(2) ASIN PALACIOS - *Id.* pág. 278 e seguintes.

(3) GLRDE - *Testi orientali inediti sopra i Sette Dormenti di Efeso*, Ad. «Ati della R. Accad. dei Lincei» 1884, páxinas 343-445. SAN GREGORIO DE TOURS - *De gloria martyrum*, cap. 96. NOLDELKE - en OOTTINH - *Gelehrte Anzeigen*, 1886, núm. 11.

(1) DE GOEJE - *La Legend of San Brandan*, Ad. «Act. de VIII. Es. intera. des Orient» Sect. 1.º páxs. 45-78 - Leyde, Brill, 1891.

(2) VALERA - *Disertaciones y juicios críticos*. Discurso sobre das Cántigas na sesión de II. A. E. presidida pol-o Emperador do Brasil.

(3) *Ibid* e ASIN PALACIOS op. cit.

mosteiro, dándoo por morto. Cando torna, é grande a súa sorpresa ó ollar riba das torres, non o pendón da súa familia, c'a águia, senón a bandeira c'a cruz. O príncipe morre cando come o pan dos homes.

c) A lenda bretona do *pastoriño que foi levar a carta ó ceo*. Recolleuna Luzel nas súas *Legendes chrefienes de la Basse Bretagne* e temos nós falado xa das súas variantes (1). Dí eisí:

«Un pastoriño de 13 anos, que gardaba unha grea de carneiros, era moi bó, e Deus quixoo recompensar.

De feito, un día, El Señor mandoulle un dos seus anxos baixo a feitura d'un vello de barba longa e albeira. O vello foi topar ó neno baixo da soma d'un carballo, achegouse e díxolle:

— Meu neno, díxéronme que érades caridoso; eu quixera levar esta carta ao bon Deus, mais xa vou vello e abafaría; queres ti ire?

— Mais si, meu pai, irei e moi ledo, mais compre que alguén garde os meus carneiros.

— Pois ben, pequeno, ti vaile, que eu fico etquí no teu canto, agardando a tua volta. Toma a carta.

O neno colleu a carta, escadou un outo cumme e chegou a un vieiro cuberto de silveiras; elas faguer, faguíanlle mal, mais o pastoriño andaba sempre. O fin topou unha boa porta dourada que daba entrada a un meigo pazo. Petou e un vello venerable veulle abrir.

— É etquí onde é o Paraíso, Señor? — preguntou él.

— Sí, meu neno, é ben etquí, mais non todo o mundo pode entrar.

— Mais traio unha carta pro Señor.

— Vexámola.

— É mester que eu mesmo lla dea da miña mau.

— Pois entra i-agarda.

Pouco tempo despois retornou c'un ser maravilloso d'unha beleza santa i-escintillante. O neno, branco da emoción, deulle a carta. O bon Deus, porque él era, abriuna, e fixo coma quen lee, e logo dixo:

— Está ben, meu neno, ti fixécheite moito mal pra chegar deica etquí, non si?

— Ou sí, magoeime moito!

Ven ver logo a miña casa.

O bon Deus fixolle ollar boas salas, belos xardíns cheos das mais belidas froles recedentes e paxaros de cántigas harmoniosas e anxos brancos que cantaban tamén co son de arpas d'ouro, fixolle ollar tamén os vellos santos e santas da súa terra da Baixa-Bretaña, coroados de grola e profetas paseando por belos parterres de froles baixo arbres carregados de froitos.

Tódo era ali ledo i-escintillante de lus e o neno e non podía atelgar de contemplalo, si ben o bon Deus díxolle:

— Vamos, meu neno, volve agora deica o que te mandou c'unha carta pra min, pois temo que perda a pacencia en agardarte, xa que van cen anos que saiches d'alá embaixo.

— Cen anos? Pode ser? Paresme aínda que non hai unha hora!

— Hai cen anos, meu meniño — e dándolle unha carta díxolle: — Toma unha carta que darás ó vello que te mandou, e sen tardar, voltas pra ollarme, e d'aquela ha ser pra sempre xamais.

O neno colleu a carta e tornou ó seu pesar. Baixou á montana e por fin chegou onde se atopaba o vello.

— Ollai vos qu'iso, xa tornas, non si? — díxo o vello.

— Si gracias a Deus — respostou o neno.

— Ti estiveches moito tempo.

— Vos atopádele longo meu pai? — Eu non.

— Sí, meu neno, mais de cen anos, mais pouco me importa. Ti fés ollado a Deus?

— Sí, verdadeiramente, meu pai, eu ollei ó bon Deus que me fixo aínda visíar o seu paraíso, onde ollai moitas belidas cousas.

Aquí romatarei por hoxe estes apuntes feitos solo c'a intención d'ilustrar o día de mañán unha edición das Cántigas d'El Rei Sabio localizadas na Galiza.

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE.

Cerveza MAHOU A Millor de España

ALONSO e ALBERTE

OURENSE

(1) LUZEL - Op. cit. páx. 222.

**Artigos de Filgueira Valverde na revista *Nós* sobre a lenda de santo Ero de Armenteira:**

«Cantigas d'El-Rey Sabio localizadas en Galicia: San Ero de Armenteira», *Nós: boletín mensual da cultura galega : órgano da Sociedade Galega de Publicacións Nós*, n.º 21 (15 setembro 1925), p. 4-5

«San Ero d'Armenteira: (proseguimento)», *Nós: boletín mensual da cultura galega : órgano da Sociedade Galega de Publicacións Nós*, n.º 22 (15 outubro 1925), p. 2-3

«A lenda d'Armenteira: (notas de folk-lore)», *Nós: boletín mensual da cultura galega : órgano da Sociedade Galega de Publicacións Nós*, n.º 25 (15 xaneiro 1926), p. 10-12.

«A lenda d'Armenteira: (proseguimento)», *Nós: boletín mensual da cultura galega : órgano da Sociedade Galega de Publicacións Nós*, n.º 26 (15 febreiro 1926), p. 9-11.

«A lenda d'Armenteira: (proseguimento)», *Nós: boletín mensual da cultura galega : órgano da Sociedade Galega de Publicacións Nós*, n.º 26 (15 febreiro 1926), p. 9-11.